



CÁMARA OFICIAL
MINEIRA DE GALICIA

O xurado da *Primeira Edición dos Premios Santa Bárbara* da Cámara Oficial Mineira de Galicia decidiu por unanimidade outorgarlle este galardón a:

CUPA GROUP, na modalidade de **EMPRESA**, pola súa importancia no comercio internacional da lousa. Esta empresa exporta a máis de 20 países e abastécese de materia prima grazas ás 16 canteiras coas que conta.

JESÚS HERVADA FERNÁNDEZ-ESPAÑA na modalidade de **TRAXECTORIA PERSOAL**, este enxeñeiro de minas comezou a súa actividade profesional en 1949, en Duro Felguera. Tempo despois pasaría a ser xefe de seguridade de Hunosa, ata 1973 ano no que comezou as súas labores como xefe do departamento da sección de Minas da Delegación Provincial do Ministerio de Industria en A Coruña.

IU XEOLOXÍA ISIDRO PARGA PONDAL na categoría de **COMUNIDADE MINEIRA**, por todas as actividades científicas e investigadoras que realizan no campo da xeoloxía dende 1979.

XOSÉ ANTÓN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, na modalidade de **COMUNICACIÓN**. Este profesor da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago e Compostela ten un extenso currículo en publicacións e traballos relacionados coa minaría.

O acto de entrega dos Premios, consistentes nunha distinción de carácter honorífico, terá lugar durante a celebración da festividade de Santa Bárbara o vindeiro 30 de novembro no Pazo de Vilaboa (Culleredo, A Coruña).